XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

**Asunto**: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 15 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE contra o Partido Popular solicitando a retirada de varios carteis colocados en soportes publicitarios na vía pública de localidades de Galicia e a imposición das sancións correspondentes (RE 247/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

## Antecedentes

1. O 12 de xaneiro de 2024, o representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdG-PSOE), presentou escrito de denuncia no que formaliza denuncia contra o Partido Popular (PP) solicitando a retirada de varios carteis colocados en soportes publicitarios na vía pública de localidades de Galicia e a e a incoación do correspondente procedemento sancionador.

   Fundamenta a súa petición achegando proba fotográfica da citada campaña publicitaria, achegando, entre outras, as seguintes:

   Baseando a pretensión nunha posible infracción do artigo 53 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX) e da Instruccion 3/2011 da Xunta Electora Central.

2. O 12 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle ao Partido Popular copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións (RS 472/2024), extremo que se comunicou ao representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (RS 473/2024).

3. O 13 de xaneiro de 2024, o denunciado cumpriu o trámite concedido formulando alegacións (RE 251/2024) motivando a conformidade do acto do que deriva a denuncia presentada co establecido no artigo 53 da LOREX, polo que solicitan a determinación da Xunta Electoral competente para a resolución da denuncia e, no seu caso, o arquivo do procedemento incoado por mor da denuncia.

   Así, entre as súas alegacións, o Partido Popular sinala que "*os carteis colocados* (...) *non constitúen propaganda nin campaña electoral, xa que as mensaxes non van dirixidas á captación de sufraxios*" tendo sido "(...) *colocados antes da convocatoria de eleccións*".

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro**. Con carácter previo esta Xunta considera que en virtude do disposto no artigo 18.a) e 18.h) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia e da información aportada na presente denuncia da que se desprende que a formación política denunciada mantivo activas inserciónns publicitarias na vía publica de diferentes localidades de Galicia, polo que esta Xunta electoral, sen prexuízo das denuncias que se presenten ante outras xuntas electorais, resulta competente para o seu exame e resolución.

**Segundo** O artigo invocado, 53 da LOREX, se refire ao período de prohibición de campaña electoral.

Concretamente, o artigo 53 da LOREX prohibe no período comprendido dende a convocatoria das eleccións ata o inicio legal da campaña, no seu parágrafo segundo, a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou inserciónns en prensa, radio ou outros medios dixitais, non podendo xustificarse as ditas actuacións polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coaliciónns ou federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.

**Segundo.** Esta prohibición de realizar a campaña electoral incluída no artigo 53 da LOREX, é interpretada pola Instrución 3/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, no que aquí interesa, nos seguintes termos:

— A prohibición durante o referido período ás formacións políticas e ás candidaturas de inserción de anuncios en prensa ou revistas, ou en cuñas radiofónicas, ou en formatos publicitarios en internet (*banners*), ou en canais comerciais de televisión ou en outros soportes en medios dixitais (apartado primeiro.2 *in fine*).

— A inmediata retirada no suposto de que no momento da convocatoria electoral houbese propaganda electoral difundida con anterioridade a esta, sendo en todo caso responsable a efectos de administración electoral o candidato ou candidata ou a formación política á que se refire a propaganda (apartado primeiro.4).

—Non incorren nesta prohibición a participación en redes sociais (Facebook, Twitter, Tuenti, etc.), sempre que non supoñan ningún tipo de contratación comercial para a súa realización e non inclúan ningunha petición expresa de voto (apartado segundo.7º).

—As xuntas electorais competentes, en función do acto realizado e do proceso electoral convocado, resolverán as denuncias, reclamacións ou recursos que se presenten para garantir o cumprimento do disposto no artigo 53 da LOREX. A tal efecto poderán requirir aos afectados para que de forma inmediata procedan á suspensión de calquera acto prohibido ou a retirada de calquera instrumento de publicidade ou propaganda que incumpra a lexislación vixente (apartado terceiro).

**Terceiro.** A Xunta Electoral Central precisa que a referida prohibición de realizar actividades aos partidos políticos debe ser interpretada sempre de maneira restritiva (entre outros no Acordo do 27 de outubro de 2011), pero considera que non están xustificadas as ditas actuacións polo exercicio de actividades ordinarias cando exista unha contratación comercial desta publicidade ou propaganda sempre e cando teña carácter de propaganda electoral, así declara no acordo do 5 de xullo de 2023:

"*No es posible aceptar los argumentos de la formación denunciada, puesto que expresamente el artículo 53 en su segundo apartado excluye la posibilidad de invocar como justificación de la contratación de publicidad o propaganda electoral en medios como justificación de la contratación de publicidad o propaganda electoral en medios digitales, "el ejercicio de las actividades ordinarias de los partidos, coaliciones o federaciones". La finalidad de este precepto es reducir los gastos electorales hasta el periodo estricto de campaña electoral, sin que se pueda eludir la prohibición alegando que se trata de actividades ordinarias de la formación política o que las inserciones efectuadas no están dirigidas a la generalidad de los votantes. El hecho de que no se pida expresamente el voto del elector no es motivo para no considerar como propaganda electoral cualquier actividad que directa o indirectamente pretenda la captación de sufragios (art. 50.4 de la LOREG). En el presente caso se incluyen mensajes que reflejan la intención de persuadir al elector en orden a apoyar a dicha formación política. Esta actividad resultaría legítima si se hiciera dentro del perfil o de la página del partido, pero al tratarse de una contratación comercial incurre en la prohibición en el artículo 53 de la LOREG, como reiteradamente ha tenido ocasión de señalar la Junta Electoral Central en numerosos Acuerdos (Acuerdos de 18 de marzo, 27 de marzo, 10 de junio, 17 de octubre, 23 de octubre y 30 de octubre de 2019, así como, más recientemente, 26 de abril de 2023*)".

**Cuarto.** Respecto da denuncia formulada a Xunta Electoral de Galicia entende que:

1º.-A consideración recollida polo representante do PP de non vulneración da prohibición do artigo 53 da LOREX por canto a publicidade denunciada se tiña contratado antes da convocatoria das eleccións, como se desprende da felicitación do Nadal e Ano Novo que á acompañan, non resulta admisible debido a que a Instrución 3/2011 especifica con toda claridade que "*no suposto de que no momento da convocatoria electoral houbese propaganda electoral difundida con anterioridade a esta, deberá ser inmediatamente retirada*".

2º- As lendas dos carteis son "*Si crees que la carta a los Reyes de los niños es demasiado larga, imagina como será la de Puigdemont*."; "*Se na familia vos levades como PSOE, Sumar, Podemos, IU, BNG e Anova, recordade que nas festas non é obrigado falar de política"* e "*Non mereces nin carbón e pensa que lle imos entregar Galicia. Si, home, si*" Todos eles seguidos de "*Teñamos Galicia en paz*", o logo do PP Galicia, Bo Nadal e Feliz 2024.

No presente caso, a colocación de carteis en diferentes localidades cos slogans transcritos incluíndo o logotipo do Partido Popular debaixo incorre na prohibición establecida no citado artigo 53 de la LOREX. A mención expresa do señor Puigdemont, e de diferentes formacións que concorren a esta contenda electoral evidencian que se trata de carteis publicitarios encamiñados á captación de sufraxios que teñen sido contratadas pola formación política denunciada infrinxindo o artigo 53 de la LOREX así como a Instrución arriba mencionada.

Similares pronunciamentos se recollen , entre outros, nos acordos da XEC de 26 de agosto de 2015 ou de 20 xullo de 2023.

3º. Esta Xunta electoral entende que este tipo de publicidade vulnera o artigo 53 da LOREG, no que se establece que: "(...) *desde la convocatoria de las elecciones hasta el inicio legal de la campaña, queda prohibida la realización de publicidad o propaganda electoral mediante carteles, soportes comerciales o inserciones en prensa, radio u otros medios digitales, no pudiendo justificarse dichas actuaciones por el ejercicio de las actividades ordinarias de los partidos, coaliciones o federaciones reconocidas en el apartado anterior*." Ademais, a Instrucción 3/2011, de 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre interpretación da prohibición de realización de campaña electoral incluída no artigo 53 da Lei Orgánica do réxime Electoral Xeral, aclara a prohibición de difusión de propaganda electoral entre la convocatoria de las eleccións e o inicio da campaña electoral establecendo que durante o período referido "(...) *Tampouco está permitida a inserción de anuncios en prensa o revistas, o en cuñas radiofónicas, o en formatos publicitarios en internet (banners), o en canales comerciales de televisión, o en otros*

*soportes en medios digitales*." Por conseguinte, nos atopamos ante inserciónsns publicitarias encamiñadas á captación de sufraxios que ten sido contratada pola formación política denunciada infrinxindo o artigo 53 LOREX, así como a Instrución arriba mencionada.

4. Non é posible aceptar tampouco os argumentos da formación denunciada, de que se trata da actividade ordinaria do partido, posto que expresamente o artigo 53 no seu segundo apartado exclúe a posibilidade de invocar como xustificación da contratación de publicidade de propaganda electoral, "*el ejercicio de las actividades ordinarias de los partidos, coaliciones o federaciones*". A finalidade deste precepto é reducir os gastos electorais ata o período estrito de campaña electoral, sen que se poida eludir a prohibición alegando que se trata de actividades ordinarias da formación política ou que as inserciónsns efectuadas non están dirixidas á captación de votos. O feito de que non se pida expresamente o voto do elector non é motivo para non considerar como propaganda electoral calquera actividade que directa o indirectamente pretenda a captación de sufraxios (art. 50.4 de la LOREG). No presente caso se inclúen consignas, mensaxes que reflexan a intención de persuadir ao elector en orde a apoiar á formación anunciante, buscando a súa reacción en contra de outras formacións políticas de signo contrario. Esta actividade resultaría lexítima si se fixese dentro do perfil ou da páxina do partido, pero ao tratarse dunha contratación comercial incorre na prohibición establecida no artigo 53 da LOREX, como reiteradamente ten sinalado a Xunta Electoral Central en numerosos Acordos (Acordos de 18 de marzo, 27 de marzo, 10 de Xuño, 17 de outubro, 23 de outubro o 30 de outubro de 2019 e 26 de abril de 2023).

Á vista do que antecede adóptase o seguinte

**ACORDO**

Estimar parcialmente a denuncia e declarar que a formación política Partido Popular (PP) ten incorrido en vulneración do art. 53 da LOREX e instar a que, de forma inmediata, ordene a retirada da vía publica da publicidade denunciada, sen que, unha vez ponderadas as circunstancias concorrentes, proceda a incoación de expedientes sancionadores.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 13:30 horas do próximo día 17 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal

A Coruña, data da sinatura electrónica
Por orde do presidente
da Xunta Electoral de Galicia

XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

**Destinatario**: Representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdG - PSOE)

**Asunto**: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 15 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE contra o Partido Popular solicitando a retirada de varios carteis colocados en soportes publicitarios na vía pública de localidades de Galicia e a imposición das sancións correspondentes (RE 247/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

**Antecedentes**

2. O 12 de xaneiro de 2024, o representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdG-PSOE), presentou escrito de denuncia no que formaliza denuncia contra o Partido Popular (PP) solicitando a retirada de varios carteis colocados en soportes publicitarios na vía pública de localidades de Galicia e a e a incoación do correspondente procedemento sancionador.

   Fundamenta a súa petición achegando proba fotográfica da citada campaña publicitaria, achegando, entre outras, as seguintes:

   Baseando a pretensión nunha posible infracción do artigo 53 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral (LOREX) e da Instruccion 3/2011 da Xunta Electora Central.

2. O 12 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle ao Partido Popular copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións (RS

472/2024), extremo que se comunicou ao representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (RS 473/2024).

3. O 13 de xaneiro de 2024, o denunciado cumpriu o trámite concedido formulando alegacións (RE 251/2024) motivando a conformidade do acto do que deriva a denuncia presentada co establecido no artigo 53 da LOREX, polo que solicitan a determinación da Xunta Electoral competente para a resolución da denuncia e, no seu caso, o arquivo do procedemento incoado por mor da denuncia.

   Así, entre as súas alegacións, o Partido Popular sinala que "*os carteis colocados* (...) *non constitúen propaganda nin campaña electoral, xa que as mensaxes non van dirixidas á captación de sufraxios*" tendo sido "(...) *colocados antes da convocatoria de eleccións*".

## FUNDAMENTOS XURÏDICOS

**Primeiro**. Con carácter previo esta Xunta considera que en virtude do disposto no artigo 18.a) e 18.h) da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia e da información aportada na presente denuncia da que se desprende que a formación política denunciada mantivo activas inserciónns publicitarias na vía publica de diferentes localidades de Galicia, polo que esta Xunta electoral, sen prexuízo das denuncias que se presenten ante outras xuntas electorais, resulta competente para o seu exame e resolución.

**Segundo** O artigo invocado, 53 da LOREX, se refire ao período de prohibición de campaña electoral.

Concretamente, o artigo 53 da LOREX prohibe no período comprendido dende a convocatoria das eleccións ata o inicio legal da campaña, no seu parágrafo segundo, a realización de publicidade ou propaganda electoral mediante carteis, soportes comerciais ou inserciónns en prensa, radio ou outros medios dixitais, non podendo xustificarse as ditas actuacións polo exercicio das actividades ordinarias dos partidos, coalicións ou federacións no exercicio das súas funcións constitucionalmente recoñecidas e, en particular, no artigo 20 da Constitución.

**Segundo.** Esta prohibición de realizar a campaña electoral incluída no artigo 53 da LOREX, é interpretada pola Instrución 3/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, no que aquí interesa, nos seguintes termos:

— A prohibición durante o referido período ás formacións políticas e ás candidaturas de inserción de anuncios en prensa ou revistas, ou en cuñas radiofónicas, ou en formatos

publicitarios en internet (*banners*), ou en canais comerciais de televisión ou en outros soportes en medios dixitais (apartado primeiro.2 *in fine*).

— A inmediata retirada no suposto de que no momento da convocatoria electoral houbese propaganda electoral difundida con anterioridade a esta, sendo en todo caso responsable a efectos de administración electoral o candidato ou candidata ou a formación política á que se refire a propaganda (apartado primeiro.4).

—Non incorren nesta prohibición a participación en redes sociais (Facebook, Twitter, Tuenti, etc.), sempre que non supoñan ningún tipo de contratación comercial para a súa realización e non inclúan ningunha petición expresa de voto (apartado segundo.7º).

—As xuntas electorais competentes, en función do acto realizado e do proceso electoral convocado, resolverán as denuncias, reclamacións ou recursos que se presenten para garantir o cumprimento do disposto no artigo 53 da LOREX. A tal efecto poderán requirir aos afectados para que de forma inmediata procedan á suspensión de calquera acto prohibido ou a retirada de calquera instrumento de publicidade ou propaganda que incumpra a lexislación vixente (apartado terceiro).

**Terceiro.** A Xunta Electoral Central precisa que a referida prohibición de realizar actividades aos partidos políticos debe ser interpretada sempre de maneira restritiva (entre outros no Acordo do 27 de outubro de 2011), pero considera que non están xustificadas as ditas actuacións polo exercicio de actividades ordinarias cando exista unha contratación comercial desta publicidade ou propaganda sempre e cando teña carácter de propaganda electoral, así declara no acordo do 5 de xullo de 2023:

"*No es posible aceptar los argumentos de la formación denunciada, puesto que expresamente el artículo 53 en su segundo apartado excluye la posibilidad de invocar como justificación de la contratación de publicidad o propaganda electoral en medios como justificación de la contratación de publicidad o propaganda electoral en medios digitales, "el ejercicio de las actividades ordinarias de los partidos, coaliciones o federaciones". La finalidad de este precepto es reducir los gastos electorales hasta el periodo estricto de campaña electoral, sin que se pueda eludir la prohibición alegando que se trata de actividades ordinarias de la formación política o que las inserciones efectuadas no están dirigidas a la generalidad de los votantes. El hecho de que no se pida expresamente el voto del elector no es motivo para no considerar como propaganda electoral cualquier actividad que directa o indirectamente pretenda la captación de sufragios (art. 50.4 de la LOREG). En el presente caso se incluyen mensajes que reflejan la intención de persuadir al elector en orden a apoyar a dicha formación política. Esta actividad resultaría legítima si se hiciera dentro del perfil o de la página del partido, pero al tratarse de una contratación comercial incurre en la prohibición en el artículo 53 de la LOREG, como reiteradamente ha tenido ocasión de señalar la Junta Electoral Central en numerosos Acuerdos (Acuerdos de 18 de marzo,*

*27 de marzo, 10 de junio, 17 de octubre, 23 de octubre y 30 de octubre de 2019, así como, más recientemente, 26 de abril de 2023*)".

**Cuarto.** Respecto da denuncia formulada a Xunta Electoral de Galicia entende que:

1º.-A consideración recollida polo representante do PP de non vulneración da prohibición do artigo 53 da LOREX por canto a publicidade denunciada se tiña contratado antes da convocatoria das eleccións, como se desprende da felicitación do Nadal e Ano Novo que á acompañan, non resulta admisible debido a que a Instrución 3/2011 especifica con toda claridade que "*no suposto de que no momento da convocatoria electoral houbese propaganda electoral difundida con anterioridade a esta, deberá ser inmediatamente retirada*".

2º- As lendas dos carteis son "*Si crees que la carta a los Reyes de los niños es demasiado larga, imagina como será la de Puigdemont*."; "*Se na familia vos levades como PSOE, Sumar, Podemos, IU, BNG e Anova, recordade que nas festas non é obrigado falar de política"* e "*Non mereces nin carbón e pensa que lle imos entregar Galicia. Si, home, si*" Todos eles seguidos de "*Teñamos Galicia en paz*", o logo do PP Galicia, Bo Nadal e Feliz 2024.

No presente caso, a colocación de carteis en diferentes localidades cos slogans transcritos incluíndo o logotipo do Partido Popular debaixo incorre na prohibición establecida no citado artigo 53 de la LOREX. A mención expresa do señor Puigdemont, e de diferentes formacións que concorren a esta contenda electoral evidencian que se trata de carteis publicitarios encamiñados á captación de sufraxios que teñen sido contratadas pola formación política denunciada infrinxindo o artigo 53 de la LOREX así como a Instrución arriba mencionada.

Similares pronunciamentos se recollen , entre outros, nos acordos da XEC de 26 de agosto de 2015 ou de 20 xullo de 2023.

3º. Esta Xunta electoral entende que este tipo de publicidade vulnera o artigo 53 da LOREG, no que se establece que: "(...) *desde la convocatoria de las elecciones hasta el inicio legal de la campaña, queda prohibida la realización de publicidad o propaganda electoral mediante carteles, soportes comerciales o inserciones en prensa, radio u otros medios digitales, no pudiendo justificarse dichas actuaciones por el ejercicio de las actividades ordinarias de los partidos, coaliciones o federaciones reconocidas en el apartado anterior*." Ademais, a Instrucción 3/2011, de 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre interpretación da prohibición de realización de campaña electoral incluída no artigo 53 da Lei Orgánica do réxime Electoral Xeral, aclara a prohibición de difusión de propaganda electoral entre la convocatoria de las eleccións e o inicio da campaña

electoral establecendo que durante o período referido "(...) *Tampouco está permitida a inserción de anuncios en prensa o revistas, o en cuñas radiofónicas, o en formatos publicitarios en internet (banners), o en canales comerciales de televisión, o en otros soportes en medios digitales*." Por conseguinte, nos atopamos ante inserciónns publicitarias encamiñadas á captación de sufraxios que ten sido contratada pola formación política denunciada infrinxindo o artigo 53 LOREX, así como a Instrución arriba mencionada.

4. Non é posible aceptar tampouco os argumentos da formación denunciada, de que se trata da actividade ordinaria do partido, posto que expresamente o artigo 53 no seu segundo apartado exclúe a posibilidade de invocar como xustificación da contratación de publicidade de propaganda electoral, "*el ejercicio de las actividades ordinarias de los partidos, coaliciones o federaciones*". A finalidade deste precepto é reducir os gastos electorais ata o período estrito de campaña electoral, sen que se poida eludir a prohibición alegando que se trata de actividades ordinarias da formación política ou que as inserciónns efectuadas non están dirixidas á captación de votos. O feito de que non se pida expresamente o voto do elector non é motivo para non considerar como propaganda electoral calquera actividade que directa o indirectamente pretenda a captación de sufraxios (art. 50.4 de la LOREG). No presente caso se inclúen consignas, mensaxes que reflexan a intención de persuadir ao elector en orde a apoiar á formación anunciante, buscando a súa reacción en contra de outras formacións políticas de signo contrario. Esta actividade resultaría lexítima si se fixese dentro do perfil ou da páxina do partido, pero ao tratarse dunha contratación comercial incorre na prohibición establecida no artigo 53 da LOREX, como reiteradamente ten sinalado a Xunta Electoral Central en numerosos Acordos (Acordos de 18 de marzo, 27 de marzo, 10 de Xuño, 17 de outubro, 23 de outubro o 30 de outubro de 2019 e 26 de abril de 2023).

Á vista do que antecede adóptase o seguinte

**ACORDO**

Estimar parcialmente a denuncia e declarar que a formación política Partido Popular (PP) ten incorrido en vulneración do art. 53 da LOREX e instar a que, de forma inmediata, ordene a retirada da vía publica da publicidade denunciada, sen que, unha vez ponderadas as circunstancias concorrentes, proceda a incoación de expedientes sancionadores.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 13:30 horas do próximo día 17 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal